

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**12895** *ORDE PRE/1624/2002, do 25 de xuño, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de certas substancias e preparados perigosos.* («BOE» 155, do 29-6-2002.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, supuxo unha serie de limitacións á comercialización e ó uso de determinadas substancias e preparados perigosos e foi dictado consonte a normativa da Unión Europea que regula esta materia, constituída pola Directiva do Consello 76/769/CEE, do 27 de xullo, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e as súas posteriores modificacións.

Este real decreto sufriu varias modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde. Unha delas mediante a Orde do 6 de xullo de 2000 que na parte 2 do seu anexo recollía a lista de substancias carcinóxenas (categorías 1 e 2), mutáxenas (categoría 2) e tóxicas para a reprodución (categorías 1 e 2) e actualizaba os puntos 24, 25, 26, 27, 28 e 29 recollidos na Orde do 15 de decembro de 1998. A última modificación lévase a cabo pola Orde do 7 de decembro de 2001, que incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/77/CE da Comisión, do 26 de xullo, pola que se adapta ó progreso técnico por sexta vez o anexo I da Directiva 76/769/CEE do Consello.

A Directiva 2001/41/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xuño de 2001, modifica por vixésimo primeira vez a Directiva 76/769/CEE que limita a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos. Esta directiva recolle unha serie de substancias clasificadas como carcinóxenas, mutáxenas e tóxicas para a reprodución, que se incluíron no anexo I da Directiva 67/548/CEE na súa vixésimo terceira adaptación ó progreso técnico.

Esta orde, que se dicta en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ó noso dereito interno a Directiva 2001/41/CE, o que implica, pola súa vez, a modificación parcial do anexo I do citado real decreto, segundo a redacción da Orde do 15 de decembro de 1998, na súa parte 2.

Para a elaboración da presente disposición foron consultados os sectores afectados. Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.*

Modifícase o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de substancias e preparados perigosos da seguinte forma:

1) No «Prólogo» á parte 2 engadirase a seguinte nota R:

«Nota R

Non é necesario aplica-la clasificación como carcinóxeno ás fibras cun diámetro medio xeométrico ponderado pola lonxitude menos dous erros estándar que sexa superior a 6 µm.»

2) Incorpóranse á parte 2 do anexo I do Real decreto 1406/1998 as modificacións das listas de substancias que figuran no anexo a esta orde.

**Disposición transitoria única.** *Prazo de aplicación.*

As substancias das listas que figuran no anexo a esta orde, poderán seguir comercializándose e utilizándose como ata agora, ata o 18 de xaneiro de 2003.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de xuño de 2002.

LUCAS GIMÉNEZ

Excmas. Sras. Ministras de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía.

## ANEXO

### PARTE 2

#### Lista B: Substancias carcinóxenas. Categoría 2

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Nome da substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
4-cloranilina .....	612-137-00-9	203-401-0	106-47-8	
Fibras cerámicas refractarias; fibras para usos especiais, excepción das fibras vítreas artificiais (silicato) con orientación aleatoria cun contido ponderado de óxido alcalino e óxido de terra alcalina (Na <sub>2</sub> O + K <sub>2</sub> O + CaO + MgO + BaO) que sexa inferior ou igual ó 18 por 100 .....	650-017-00-8			R

#### Lista F. Substancias tóxicas para a reprodución: Categoría 2

Incorpórase a esta lista a substancia seguinte:

Nome da substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
6-(2-cloroeti)-6(2-metoxietoxi)-2, 5, 7, 10-tetraoxa-6-silaundecano; etacelasil .....	014-014-00-X	253-704-7	37894-46-5	